

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MESÍA

BASES XERAIS E ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA DOS PROCESOS SELECTIVOS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022

Por Decreto de Alcaldía, de data 14/12/2022, aprobáronse as bases xerais e específicas da convocatoria dos procesos selectivos de estabilización de emprego temporal incluídas na oferta de emprego público de 2022, publicada no BOP núm. 98, de data 25/05/2022, e que de seguido se publican para o seu coñecemento e aos efectos oportunos:

“BASES XERAIS QUE REXERÁN OS PROCESOS SELECTIVOS A DESENVOLVER POLO SISTEMA DE CONCURSO CORRESPONDENTES ÁS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL INCLUÍDAS NA OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022 DO CONCELLO DE MESÍA

1.OBXECTO E CONTIDO

As presentes bases teñen por obxecto a regulación dos aspectos comúns dos procesos selectivos das convocatorias para a cobertura, polo procedemento de estabilización de emprego temporal da disposición adicional sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, das prazas vacantes de persoal laboral fixo do Concello de Mesía, en execución da oferta de emprego público extraordinaria desta entidade local do ano 2022.

As especialidades de cada proceso selectivo (natureza e características do posto, requisitos de titulación ou outros aspectos) serán obxecto de regulación nas bases específicas de cada convocatoria.

As presentes bases, así como as bases específicas de cada convocatoria, serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Mesía (<https://sede.concellodemesia.gal/>). Os restantes anuncios que deriven dos procesos selectivos serán publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica e, no seu caso, no boletín oficial da provincia.

2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Estas bases xerais rexerán os procesos selectivos que se convoquen, con carácter excepcional, polo sistema de concurso, no concello de Mesía para a estabilización de emprego temporal de longa duración segundo a oferta de emprego público extraordinario 2022 aprobada por Decreto da Alcaldía núm. 163/2022, de data 20/05/2022 e publicada no BOP núm. 98, de data 25/05/2022. Os procesos selectivos convocados rexeranse igualmente polo establecido nas correspondentes bases específicas.

Previamente á publicación de cada convocatoria, informarase ó/á traballador/a afectado/a polo proceso de estabilización de que se vai convocar á súa praza e de que pode participar no referido proceso de selección.

O número de prazas a estabilizar, a súa denominación e características relaciónanse a continuación:

Núm. de prazas	Denominación da praza	Xornada laboral	Sistema de acceso estabilización (D.A. 6ª e 8ª Lai 20/2021)
2	Peón condutor	Completa	Concurso
2	Peón xardinería	Completa	Concurso
1	Peón xardinería	Media xornada	Concurso
7	Auxiliar de axuda a domicilio	Completa	Concurso
4	Auxiliar de axuda a domicilio	Media xornada	Concurso
2	Limpadora	Completa	Concurso
1	Encargada da limpeza	Completa	Concurso
1	Conserxe	Completa	Concurso
1	Asistente de instalacións informáticas	Completa	Concurso
1	Traballadora social-coordinadora	Completa	Concurso
1	Auxiliar administrativo servizos sociais	Completa	Concurso
1	Educadora familiar	Completa	Concurso
1	Axente de emprego e desenvolvemento local	Completa	Concurso
1	Animador deportivo	Completa	Concurso
1	Monitora de tempo libre	Completa	Concurso

3. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitido/a neste proceso extraordinario de estabilización de emprego, os e as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, sen prexuízo do que establezan as respectivas bases específicas de cada convocatoria:

a. Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TREBEP respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros Estados.

b. Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c. Posuír ou estar en condición de obter a titulación académica esixida nas bases específicas para o día en que remate o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente convalidación ou credencial que acredite a homologación, certificada pola Administración competente.

d. Posuír a capacidade funcional e as aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das tarefas e funcións da praza a estabilizar.

e. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

g) Posuír o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente a cada praza a estabilizar, que se concretará nas bases específicas. En todo caso, e consonte ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o dito coñecemento, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega consonte ao establecido na base sétima.

h) Cumprir os demais requisitos esixidos para o ingreso nas respectivas bases específicas.

Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos na data do seu nomeamento como persoal laboral fixo.

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes para tomar parte no proceso selectivo presentaranse no Rexistro Xeral do concello, preferentemente a través da sede electrónica, e no prazo de vinte (20) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

Igualmente, as ditas solicitudes tamén se poderán presentar por calquera das formas prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo/a funcionario/a de correos antes de ser certificadas.

En calquera dos casos anteriores, os/as aspirantes deberán comunicar a súa presentación mediante e-mail (correo@concellodemesia.gal), durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, achegando copia do resguardo da presentación da solicitude. En caso de non realizar esta comunicación, vía correo electrónico, quedarán excluídas do procedemento de selección.

Xunto coa instancia debidamente asinada (Anexo I), solicitando participar no proceso deberá presentarse a seguinte documentación:

a. Documento nacional de identidade, pasaporte ou documento válido en dereito que a acredite.

b. Título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente a cada praza á que se aspire.

c. Titulación esixida para a praza nas bases específicas.

d. Relación de méritos alegados.

Non serán valorados os méritos non documentados nin xustificadas no prazo e forma anteriormente mencionados, sen prexuízo de que o órgano de selección poida solicitar a ampliación da documentación se considera que un mérito non se encontra correctamente acreditado. No devandito concurso só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias.

5. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo dun mes, aprobando a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión e o prazo de subsanación de defectos e presentación de reclamacións. A dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Mesía (<https://sede.concellodemesia.gal/>), así como no Boletín Oficial

da Provincia. No caso de non existir defectos a emendar, a listaxe provisional considerarase definitiva a todos os efectos.

2. Os/as aspirantes excluídos/as disporán de dez días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación da listaxe, para emendar o defecto que motivase a exclusión ou presentar reclamacións.

3. Rematado o prazo de emenda e resoltas as reclamacións presentadas, ditarase pola Alcaldía nova resolución, estimando ou desestimando as reclamacións, e aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, publicándoa no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello e no Boletín Oficial da Provincia. O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ós/ás interesados/as posuíren os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deben ser xustificados documentalmente.

4. Contra a resolución da alcaldía aprobando a lista definitiva poderá interponerse, potestativamente, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso de contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen oportuno.

6. TRIBUNAL CUALIFICADOR

1. O tribunal cualificador nomearase de conformidade co artigo Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

2. Cada un dos tribunais cualificadores estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes: presidente/a, secretario/a e tres vogais, procurando, na medida do posible, á paridade entre homes e mulleres. Os seus membros deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional igual ou superior á esixida para o acceso aos postos convocados.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

4. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos, o persoal laboral temporal e o persoal eventual, en virtude do disposto no artigo 59.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

5. Cada tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores técnicos, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgún proceso así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

6. Todos os membros do tribunal, titulares e suplentes, deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os/as interesados/as poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

7. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO.

De conformidade co disposto na Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, a selección das persoas para a provisión das prazas obxecto desta convocatoria realizarase por medio do sistema de concurso.

O concurso consistirá na valoración dos méritos acreditados polos/as aspirantes.

A puntuación máxima será de 100 puntos. Valoraranse os seguintes méritos:

a) Experiencia profesional (máximo 90 puntos)

Valorarase do seguinte xeito:

- Servizos prestados no corpo, escala, categoría ou equivalente da entidade local convocante en calidade de persoal temporal: 0,94 puntos por mes.

- Servizos prestados noutros corpos, escalas, categorías ou equivalentes da entidade local convocante en calidade de persoal temporal: 0,22 puntos por mes completo.

- Servizos prestados en corpos, escalas, categorías ou equivalentes doutras Administracións Públicas (distintas da entidade local convocante) en calidade de persoal temporal. 0,3 puntos por mes completo

- Servizos prestados no resto do sector público en calidade de persoal temporal: 0,06 puntos por mes completo.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante certificación expedida pola Administración Pública na que se prestaron servizos xunto con informe de vida laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados.

b) Outros méritos: (máximo 10 puntos)

Valoraranse do seguinte xeito:

- Cursos de formación: Valoraranse a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ó cidadán, a protección do medio ambiente dende o ámbito laboral e os de contido de ofimática, entre outros.

Por grupos e subgrupos de titulación, a táboa de horas requiridas para acadar a puntuación máxima sería:

- Grupo I: 100 horas (0,100 puntos hora)
- Grupo II: 80 horas (0,125 puntos hora)
- Grupo III: 30 horas (0,333 puntos hora)
- Grupo IV: 20 horas (0,500 puntos hora)
- Grupo V/AP: 10 horas (1,000 puntos hora)

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas da realización e as horas de duración, así como o seu contido básico.

- Titulación superior á requirida para o acceso e relacionada coa praza: 0,1 puntos.

COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA:

Os/as aspirantes que non xustifiquen a posesión do título acreditativo do nivel de lingua galega correspondente á categoría ou grupo da praza á que aspiran, deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega. Ésta realizarase unha vez finalizado o concurso de méritos a aquelas persoas propostas para a obtención dunha praza e cualificarase como apta ou non apta. A proba consistirá nunha proba oral. No caso de que a proba de coñecemento sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso de selección, e a seguinte coa puntuación máis alta obtida nos concursos de méritos será a proposta para a obtención da praza. Se esta persoa non tivese acreditado con anterioridade o coñecemento da lingua galega correspondente deberá someterse á referida proba de galego cos mesmos efectos expostos con anterioridade.

8. CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

As cualificacións finais dos/as aspirantes serán ordenadas con orde de prelación e publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Mesía. No prazo de 10 días hábiles seguintes á publicación, poderanse presentar reclamacións ou alegacións ás mesmas, todo isto sen prexuízo dos prazos legalmente establecidos para interposición dos recursos que as/os lexitimamente interesados/as poidan interpoñer na defensa dos seus intereses.

No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta:

1º.- Terá prioridade o/a aspirante que acumule unha maior valoración na experiencia profesional no posto obxecto de convocatoria na Administración convocante (Concello de Mesía)

2º.- De persistir o empate, terá prioridade o/a aspirante que acumule unha maior valoración na experiencia profesional noutros postos diferentes na Administración convocante (Concello de Mesía)

3º.- De persistir o empate, terá prioridade o/a aspirante que acumule unha maior valoración na experiencia profesional en prazas iguais ou equivalente á que se opta, noutras Administracións locais.

4º.- De persistir o empate, terá prioridade o/a aspirante que acumule unha maior valoración na experiencia profesional en prazas iguais ou equivalentes á que se opta, no resto de Administracións Públicas ou sector público.

5º.- De persistir o empate, terá prioridade a persoa de maior idade.

A data que servirá de referencia para a aplicación destes criterios, será a data de publicación no BOE desta convocatoria.

De manterse o empate aplicando os criterios anteriores, acudirase ó sorteo.

Non obstante o anterior, sempre que o Tribunal teña proposto o nomeamento ou a contratación de igual número de persoas aspirantes que de prazas convocadas, na proposta tamén figurará unha relación complementaria, por orde descendente da puntuación acadada, daqueles/as aspirantes que non teñan sido propostos/as para a selección e nomeamento, para constituír unha bolsa de traballo nos termos indicados na base 11. A resolución publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.

9. ACHEGA DE DOCUMENTOS POR PARTE DOS/AS ASPIRANTES PROPOSTOS/AS PARA O NOMEAMENTO

Os/as aspirantes propostos/as acreditarán ante a Administración, dentro do prazo de vinte días a partir da publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello, a seguinte documentación:

- Certificado/Informe médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira expedido por facultativo competente.
- Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.
- Fotocopia do número de afiliación á Seguridade Social acompañada do orixinal, ou de ser o caso, xustificación de non estar afiliado/a.
- Acreditación documental de conta bancaria.
- Calquera outro documento requirido nas bases xerais ou específicas de cada convocatoria para participar no proceso selectivo.

Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderá ser nomeado/a como persoal laboral fixo, nin tampouco, se do exame da documentación, se deducise que carece dalgún requisito.

10. NOMEAMENTO E CONTRATACIÓN

1. Concluído o proceso selectivo, os/as aspirantes seleccionados/as, cun número que non poderá exceder en ningún caso o de postos convocados, serán nomeados/as persoal laboral fixo pola Alcaldía, unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.

2. A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Alcaldía, que ordenará a publicación dos nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da formalización do preceptivo contrato laboral fixo, unha vez que se practique a notificación persoal.

3. Procederáse á formalización do preceptivo contrato de traballo no prazo máximo de 1 mes dende a publicación dos nomeamentos.

4. Os/as aspirantes contratados/as quedarán sometidos/as ao réxime de incompatibilidades vixente.

11. FORMACIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓN

1. Os/as aspirantes que habendo superado o proceso selectivo, non fosen nomeados/as coma persoal laboral fixo, pasarán a conformar unha listaxe de contratación ou bolsa de traballo, para a cobertura de posibles baixas por incapacidade temporal, vacacións, renuncia ou outras continxencias sobrevidas do/a candidato/ha seleccionado/a, ou para cubrir outras necesidades que poidan xurdir sempre que concorran algunha das circunstancias descritas na lexislación vixente.

2. A listaxe de contratación funcionará do seguinte xeito:

- Terá vixencia ata que se derogue expresamente.
- As persoas integrantes da listaxe non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se son nomeados/as coma persoal laboral temporal, unha vez rematada a cobertura, retomará ao posto que lle corresponda na lista.
- O chamamento farase por vía telefónica. En aras de garantir este procedemento, os/as interesados/as deberán comunicar ao concello calquera alteración dos seus datos de contacto. Como mínimo realizaranse dúas chamadas, pasando a contactar co/a seguinte candidato/a segundo a orde de prelación, no caso de que non se puidese realizar o contacto. O empregado público que realice o chamamento farao constar mediante dilixencia indicando a disposición ou non do/a aspirante a cubrir temporalmente a praza que corresponde, ou ben da imposibilidade de contactar con el/ela se se dera o caso, con independencia de que se intente a comunicación por outro medio.
- Unha vez feito o chamamento o/a aspirante contará cun prazo de dous días hábiles para contestar e aceptar, debendo presentar nese mesmo prazo a documentación requirida na base novena.
- De non aceptar o chamamento deberá manifestalo por escrito, e pasarase a chamar ó/á seguinte aspirante da bolsa. Se se negara a manifestalo por escrito, bastará coa dilixencia do/a funcionario/a que fixera a chamada telefónica.

- O /a aspirante que rexeite o nomeamento pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que acredite causa xustificada, en cuxo caso retornará ó posto que lle corresponda na bolsa creada. A segunda vez que rexeitara sen causa xustificada será excluído/a desta lista mediante resolución da Alcaldía.

Considéranse coma causas xustificadas:

- A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente (acreditado mediante parte médico).
- Estar traballando (acreditado mediante contrato de traballo, nomeamento ou certificación).

3. En calquera momento os/as aspirantes poderán pedir a súa exclusión da listaxe.

4. O efectivo funcionamento da listaxe estará supeditado á normativa vixente en cada momento.

5. Unha vez presentada a documentación establecida na base novena, ditarase resolución da alcaldía na que se aproba ó/á aspirante seleccionado/a para a súa contratación e fixará o prazo máximo para a formalización do contrato.

12. RÉXIME DE RECURSOS

Contra estas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos/as interesados/as recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes, ante a alcaldía, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa). Todo isto sen prexuízo do dereito dos/as interesados/as a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN CONCURSO DE MÉRITOS PARA ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE MESÍA

APELIDOS:

NOME:

DNI:

ENDEREZO POSTAL:

ENDEREZO ELECTRÓNICO:

TELÉFONO:

1. SOLICITA ser admitido/a no procedemento selectivo para prover, polo sistema de concurso, unha praza de no marco do proceso extraordinario de estabilización do emprego temporal derivado da OEP 2022 do concello de Mesía, segundo bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 98, do 25/05/2022.

2. DOCUMENTACIÓN QUE AXUNTA

- Documento Nacional de Identidade ou equivalente
- Titulación académica esixida
- Título CELGA esixido ou superior, ou certificados equivalentes consonte á normativa vixente.
- Índice e documentación acreditativa dos méritos alegados.

3. DECLARACIÓN RESPONSABLE

Pola presente, declaro baixo a miña responsabilidade:

- Non ter sido separado de servizo mediante expediente disciplinario de calquera Administración Pública ou estar inhabilitado para o exercicio da función pública. No caso de que non teña a nacionalidade española, declaro non estar sometido/a a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no meu Estado de procedencia o acceso á función pública.

- Posuír a capacidade funcional necesaria para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza convocada.

- Reunir os restantes requisitos e condicións esixibles previstos nas bases reguladoras para poder tomar parte no proceso selectivo.

- Aceptar as bases xerais e específicas reguladoras do procedemento na súa totalidade.

Mesía, a de de 2022.

(SINATURA)

AO SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA

BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE 2 PRAZAS DE PEÓN CONDUTOR NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE MESÍA

1. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto a regulación específica do proceso selectivo, a través do sistema de concurso, para a provisión en propiedade de dúas prazas de persoal laboral fixo de PEÓN CONDUTOR que figura incluída na oferta extraordinaria de emprego público do concello de Mesía aprobada por Decreto da Alcaldía núm. 163/2022, de data 20/05/2022, ao abeiro do establecido na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. A indicada OEP foi publicada no BOP nº 98, do 25/05/2022.

Apróbanse ao amparo e en desenvolvemento do disposto, con carácter xeral e básico, nas bases xerais reguladoras das convocatorias e procesos selectivos para a cobertura das prazas incorporadas na OEP de estabilización de emprego do ano 2022, ás que se adecuarán e remitirán en todo o non especificamente previsto.

1. FUNCÍONS

As funcións a desenvolver na praza peón condutor serán as seguintes:

- Tarefas de limpeza, mantemento, reparacións, forestais e conservacións de espazos públicos, edificios municipais, vías públicas...
- Control das ferramentas, chaves, maquinaria e vehículos municipais; apertura, peche e preparacións de dependencias municipais; traballos de saneamentos, pavimentación de vías públicas, traballos forestais, mantemento, limpeza de vías públicas.
- Colaboración con traballos relacionados con actividades municipais.
- Control, limpeza, reparacións e mantemento de servizos municipais.
- Traslado, recepción, entrega e recollida de enseres/documentos relacionados coa actividade do Concello, labores de protección civil (emergencias, autoprotección, accidentes).
- Outras funcións a nivel forestal como son limpeza mecanizada ou manual mediante desbroces de vías, camiños e faixas de xestión de biomasa de titularidade municipal.
- Apoio a outros servizos municipais cando así sexa requirido.
- Calquera outra, relacionada co posto de traballo, que lle encomende o superior xerárquico.

Grupo: V.

Xornada de traballo: completa.

2. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitido/a neste proceso extraordinario de estabilización de emprego, os e as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nas bases xerais para a estabilización do emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Mesía e os requisitos específicos que se indican a continuación:

- a. Titulación: Sen estudos.
- b. Estar en posesión do permiso de conducir tipo C.
- c. Estar en posesión do nivel de Celga 1.

BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE 2 PRAZAS DE PEÓN DE XARDINERÍA A XORNADA COMPLETA NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE MESÍA

1. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto a regulación específica do proceso selectivo, a través do sistema de concurso, para a provisión en propiedade de dúas prazas de persoal laboral fixo de PEÓN DE XARDINERÍA A XORNADA COMPLETA que figura incluída na oferta extraordinaria de emprego público do concello de Mesía aprobada por Decreto da Alcaldía núm. 163/2022, de data 20/05/2022, ao abeiro do establecido na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. A indicada OEP foi publicada no BOP nº 98, do 25/05/2022.

Apróbanse ao amparo e en desenvolvemento do disposto, con carácter xeral e básico, nas bases xerais reguladoras das convocatorias e procesos selectivos para a cobertura das prazas incorporadas na OEP de estabilización de emprego do ano 2022, ás que se adecuarán e remitirán en todo o non especificamente previsto.

2. FUNCIÓNS

As funcións a desenvolver na praza peón xardinería serán as seguintes:

- Execución de labores propias de mantemento e conservación de zonas axardinadas.
- Preparación e aplicación de produtos fitosanitarios, tratamentos integrais, fertilizantes e herbicidas.
- Manexo, instalación e conservación de regos automáticos.
- Poda e tala de árbores e arbustos de calquera tamaño con motoserra, machado ou tesoiras, sempre que non sexa traballo en altura.
- Manexo de toda aquela maquinaria lixeira e pesada necesaria para o mantemento e conservación das zonas verdes e viveiros.
- Identificación de enfermidades e pragas máis comúns.
- Apoio a outros servizos municipais cando así sexa requirido.
- Calquera outra, relacionada co posto de traballo, que lle encomende o superior xerárquico.

Grupo: V.

Xornada de traballo: completa.

3. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitido/a neste proceso extraordinario de estabilización de emprego, os e as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nas bases xerais para a estabilización do emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Mesía e os requisitos específicos que se indican a continuación:

- a. Titulación: Sen estudos.
- b. Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.
- c. Estar en posesión do nivel de Celga 1.

BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE 1 PRAZA DE PEÓN DE XARDINERÍA A MEDIA XORNADA NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE MESÍA

1. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto a regulación específica do proceso selectivo, a través do sistema de concurso, para a provisión en propiedade dunha praza de persoal laboral fixo de PEÓN DE XARDINERÍA A MEDIA XORNADA que figura incluída na oferta extraordinaria de emprego público do concello de Mesía aprobada por Decreto da Alcaldía núm. 163/2022, de data 20/05/2022, ao abeiro do establecido na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. A indicada OEP foi publicada no BOP nº 98, do 25/05/2022.

Apróbanse ao amparo e en desenvolvemento do disposto, con carácter xeral e básico, nas bases xerais reguladoras das convocatorias e procesos selectivos para a cobertura das prazas incorporadas na OEP de estabilización de emprego do ano 2022, ás que se adecuarán e remitirán en todo o non especificamente previsto.

2. FUNCIÓNS

As funcións a desenvolver na praza peón xardinería serán as seguintes:

- Execución de labores propias de mantemento e conservación de zonas axardinadas.
- Preparación e aplicación de produtos fitosanitarios, tratamentos integrais, fertilizantes e herbicidas.
- Manexo, instalación e conservación de regos automáticos.
- Poda e tala de árbores e arbustos de calquera tamaño con motoserra, machado ou tesoiras, sempre que non sexa traballo en altura.
- Manexo de toda aquela maquinaria lixeira e pesada necesaria para o mantemento e conservación das zonas verdes e viveiros.
- Identificación de enfermidades e pragas máis comúns.
- Apoio a outros servizos municipais cando así sexa requirido.
- Calquera outra, relacionada co posto de traballo, que lle encomende o superior xerárquico.

Grupo: V.

Xornada de traballo: media xornada.

3. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitido/a neste proceso extraordinario de estabilización de emprego, os e as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nas bases xerais para a estabilización do emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Mesía e os requisitos específicos que se indican a continuación:

- a. Titulación: Sen estudos.
- b. Estar en posesión do permiso de conducir tipo B.
- c. Estar en posesión do nivel de Celga 1.

BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE 7 PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO A XORNADA COMPLETA NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE 2022 DO CONCELLO DE MESÍA

1. OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto a regulación específica do proceso selectivo, a través do sistema de concurso, para a provisión en propiedade de sete prazas de persoal laboral fixo de AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO A XORNADA COMPLETA que figura incluída na oferta extraordinaria de emprego público do concello de Mesía aprobada por Decreto da Alcaldía núm. 163/2022, de data 20/05/2022, ao abeiro do establecido na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. A indicada OEP foi publicada no BOP nº 98, do 25/05/2022.

Apróbanse ao amparo e en desenvolvemento do disposto, con carácter xeral e básico, nas bases xerais reguladoras das convocatorias e procesos selectivos para a cobertura das prazas incorporadas na OEP de estabilización de emprego do ano 2022, ás que se adecuarán e remitirán en todo o non especificamente previsto.

2. FUNCIÓNS

As funcións a desenvolver nas prazas de auxiliar de axuda a domicilio serán as seguintes: atención de persoas maiores con déficits de autonomía ou dependentes, persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores en que se observe necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo, e aquelas unidades de convivencia que tras unha valoración técnica corresponda como recurso idóneo de atención. As tarefas a desenvolver polas auxiliares serán as de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, doméstico e atencións psicosociais e educativas a desenvolver nos domicilios asignados.

Grupo: V.

Xornada de traballo: completa.

3. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para ser admitido/a neste proceso extraordinario de estabilización de emprego, os e as aspirantes deberán reunir os requisitos establecidos nas bases xerais para a estabilización do emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 do Concello de Mesía e os requisitos específicos que se indican a continuación:

